

Fantasmía urbana

Con espírito gótico

MARÍA NAVARRO

O selo Urco Editora, Alcañán, vén de publicar *Sangre 12*, unha novela de Cris Pavón na que a fantasía urbana de espírito gótico supón un referente para o lector que se achegue á historia de Vanesa e ás circunstancias que a rodean desprovisto de prexuízos.

Esta estética que confía no romanticismo dos encaixes, no poderío e dureza do coiro e na suavidade do veludo atrapa a atención dos personaxes cos que topa a protagonista, da mesma forma que embelesa os receptores do texto, porque lembran figuras e personaxes con diversos riscos que teñen aparecido na mitoloxía, na cultura oral e na literatura desde a Antigüidade e que aquí semellan actualizarse grazas os diferentes niveis de lectura que ofrece a novela.

A protagonista entretece unha historia que desenvolve paralelamente alomenos en dúas narracións: unha que sucede a principios do século XIX cando nace Palmira, filla de Anthony, librepensador inglés que lía a Rousseau, Voltaire e Hume e que viaxa por toda Europa e outra, a encarnada por Vanesa que nos comezos do século XXI declara o seu inconformismo co mundo que a rodea ata que no seu camiño se cruza Nanda.

Con este dobre discurso a autora bota man de atractivas referencias literarias -Lord Byron e mais o seu amigo e secretario Polidori, entre outros- que, mesturadas co encantador mundo dos soños, fan revivir nos personaxes experiencias sobrenaturais do máis cautivador.

Non hai dúbida de que se trata dunha novela de personaxe, onde a trama pasa a ocupar un lugar secundario porque o que interesa é ir construíndo a

imaxe da eterna adolescente, un dos potenciais que, a miúdo, ofrecen os vampiros no eido da literatura infantil e xuvenil.

Numerosas son as mostras literarias nas que estes seres cobran protagonismo: en *Vampiro* de Emilia Pardo Bazán, un vello setentón aristócrata casa cunha moza para recuperar a saúde e a xuventude chuchando a súa vitalidade ou en *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, Castelao relaciona en clave humorística a figura do vampiro cun cacique que, aínda despois da morte, segue alimentándose da miseria dos vivos.

En *Sangue 12* os lectores poderán chuchar as palabras da mesma forma que a/s protagonista/s liba/n o sangue das mozas que perseguen cunha sensibilidade extraordinaria.

PAVÓN, Cris, Sangue 12, Ed. Urco, Santiago de Compostela, 2014, PVP. 10 €